

RESOLUCIÓN REITORAL DO 19 DE SETEMBRO DE 2024 POLA QUE SE PUBLICA A OFERTA DOS OBRADOIROS PARA O PRIMEIRO CUADRIMESTRE DO CURSO 2024/2025 NO CAMPUS DE OURENSE

En virtude do disposto na base 8ª da resolución reitoral do 17 de xuño de 2024, pola que se publica a convocatoria de axudas para organizar os obradoiros de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo no primeiro cuadrimestre do curso 2024/2025, de acordo coas facultades outorgadas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, esta reitoría

RESOLVE:

Facer pública a oferta de obradoiros do primeiro cuadrimestre do curso 2024/2025 para o campus de Ourense, que figura no Anexo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

O vicerreitor do Campus de Ourense

Francisco Javier Rodríguez Rajo



Anexo: Oferta de obradoiros no Campus de Ourense

Código	Obradoiro	Duración obradoiro (horas)	Nº. prazas ofertadas	Lugar	Data de inicio	Horario
2024750	Aula de teatro. Nivel 1, Rosaura	35	15	Aula de teatro	31/10/24	Xoves, de 19 a 22 horas
2024751	Aula de teatro. Nivel 2, Cordelia	40	15	Aula de teatro	29/10/24	Martes, de 19 a 22 horas
2024752	Aula de teatro. Nivel 3, Maricastaña	60	10	Aula de teatro	28/10/24	Luns e mércores, de 19 a 22 horas
2024753	Obradoiro de música tradicional galega: gaita e percusión	30	10	Pavillón asociacións	10/10/24	Xoves, de 18.30 a 21.30 horas
2024754	Aula de danza contemporánea: formación	30	10	Ludoteca	8/10/24	Martes e mércores, de 19.30 a 21 horas
2024755	Aula de danza contemporánea: creación escénica	20	10	Ludoteca	10/10/24	Xoves, de 19.15 a 21.15 horas
2024756	Novas linguaxes e habilidades Maker para educación	22	10	Aula 3.07 do edificio de Ferro	23/10/24	Mércores, de 16 a 20 horas
2024757	Danzas do mundo e interculturalidade	30	12	Ludoteca	10/10/24	Xoves, de 17 a 19 horas
2024758	Ferramentas artísticas e socioafectivas para a intervención social	35	10	Aula 0.0 do edificio de Ferro	19/10/24	Sábados, de 10 a 14 e de 16 a 20 horas



Código	Obradoiro	Duración obradoiro (horas)	Nº. prazas ofertadas	Lugar	Data de inicio	Horario
2024759	Introdución a rexeneración ecosocial	22	10	Seminario de inglés do Pavillón 1	8/10/24	Martes, de 18 a 20.30 horas
2024760	Intensidade e fragilidade na pintura actual	30	10	Aula 0.10 do edificio de Ferro	10/10/24	Xoves e venres, de 16 a 20.30 horas
2024761	Grupo de crecemento persoal e empoderamento para mulleres	30	10	Salón de graos do edificio de Ferro	16/10/24	Mércores, de 18.30 a 21 horas
2024762	Obradoiro de formación en seguridade viaria	20	20	Seminario S2 do Pavillón 1	18/10/24	Luns a xoves, de 18 a 21 horas

Período de matrícula: do 23 de setembro ao 4 de outubro de 2024.

TAXAS DE MATRÍCULA:

- 40 euros: para o público en xeral.
- 26 euros: membros da comunidade universitaria da Uvigo (grupo A) e colectivos do grupo B
(redución do 35% sobre o prezo da matrícula.)
- 32 euros: Colectivo do Grupo C
(redución do 20 % sobre o prezo da matrícula.)



Para consultar a qué colectivo pertence, a efectos de descontos en actividades de extensión universitaria prema no seguinte enlace: Colectivos Universidade de Vigo

Nas ensinanzas de grao se recoñecen 1 crédito ECTS por cada 30 horas do obradoiro.

